

# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2023-2024

**HORARIO:** 16:00 a 17:15

**CALENDARIO:** de outubro a xuño.

## Organización e funcionamento

Son actividades que dende un enfoque lúdico pretenden reforzar as aprendizaxes do alumnado en catro ámbitos fundamentais:

- **Ámbito deportivo:** foméntase o desenvolvemento da motricidade en xeral, a flexibilidade, a expresión corporal, a creatividade, a coordinación, o sentido do ritmo... a través da iniciación a distintos deportes tanto individuais como de equipo: Multideporte, Patinaxe, Natación, etc.
- **Ámbito científico-ambiental:** as actividades están baseadas no descubrimento e na representación do mundo que nos rodea e faise especial fincapé nos valores medioambientais a través de actividades como Horta da Xoaniña onde aprenderemos o ciclo vital das plantas, faremos as nosas propias plantacións, investigaremos sobre as sementes. Tamén se inclúe a actividade de Robótica.
- **Ámbito humanístico:** centrado no reforzo de aspectos lingüísticos e sociais a través dun contexto lúdico e integrando distintos medios de comunicación en actividades como Teatro, Xadrez, Games in English (*Xogos en Inglés*) ou Let's Cook! (*cociña en Inglés*).
- **Ámbito artístico:** orientado á expresión de ideas e sentimientos a través das diferentes artes: teatro, pintura, artesanía, música..., na procura da mellora da capacidade creativa e comunicativa como Música e Movemento ou Somos Artistas.

## Procedemento a seguir para ser usuario do servizo

Para darvos de alta nas extraescolares debedes cubrir o formulario de Actualización de servizos. No mes de xullo publícanse os listados provisionais e en setembro os definitivos das actividades extraescolares en base a todas as solicitudes.

A contratación das actividades extraescolares ten carácter anual, establecéndose a forma de pago mensual, trimestral ou anual. Calquera modificación nas condicións destas actividades deberá comunicarse á secretaría. Por causas xustificadas podería realizarse cambio de actividad extraescolar no mes seguinte a iniciar a mesma.

## Actividades extraescolares para o curso 2023-2024

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
EDUCACIÓN	GAMES IN ENGLISH (Infantil + 1º ciclo EP)	HORTA DA XOANIÑA (Infantil + 1º ciclo EP)	LET'S COOK (Infantil)	MÚSICA E MOVEMENTO (Infantil)	
EDUCACIÓN PRIMARIA	GAMES IN ENGLISH (Infantil + 1º ciclo EP)	HORTA DA XOANIÑA (Infantil + 1º ciclo EP)	LET'S COOK (1º a 3º EP)	SOMOS ARTISTAS (1º a 6º EP)	PATINAXE (1º a 6º EP)
	MULTIDEPORTE (1º a 3º EP)	TEATRO <sup>(1)</sup> (1º a 3º EP)	ROBÓTICA (4º a 6º EP + ESO)	TEATRO <sup>(2)</sup> (4º a 6º EP + ESO)	XADREZ (4º a 6º EP + ESO)
	LET'S COOK (4º a 6º EP)	DEPORTES COLECTIVOS (4º a 6º EP + ESO)			
		NATACIÓN (1º a 6º de EP)			
EDUCACIÓN		DEPORTES COLECTIVOS (4º a 6º EP + ESO)	ROBÓTICA (4º a 6º EP + ESO)	TEATRO (4º a 6º EP + ESO)	XADREZ (4º a 6º EP + ESO)

(1) Os grupos de teatro farán representacións internas tanto para o alumnado como para familias nas Xornadas de Portas Abertas.